

Exercicios

1.- Clasificar as oracións na súa respectiva modalidade, segundo a intención do falante.

- a) Vai inmediatamente fotocopiar ese documento.
- b) Oxalá convoquen as oposicións este ano.
- c) Cando me devolverás os cartos que me debes?
- d) Talvez vaia ao teatro esta fin de semana.
- e) Preguntáronlle cal era a data para entregar o traballo.
- f) Antonte produciuse un espectacular accidente na AP-9.
- g) Nunca na miña vida vira unha treboada semellante!

2.- Indica as funcións primarias das seguintes oracións. Non é preciso que indiques o predicado.

- a) Vós falástesme do asunto meticulosamente.
- b) O revisor pediunos os billetes na estación de Monforte.
- c) Aquela tarde estaba eu moi preocupado no bar da esquina.
- d) Naceu o príncipe rodeado de estraños signos.
- e) Estábache o home aquel tan tranquilo na porta da casa.
- f) O asunto contáranmo aquelas dúas mulleres a noite anterior.
- g) Os alicerces do inmoible non foron danados polo sismo.

3.- Indica o valor da partícula *se* en cada unha das seguintes oracións. Unha delas está empregada de maneira incorrecta. Sinálala e indica o motivo do erro.

- a) Enviáronse cartas a todos os implicados no asunto.
- b) Secouse ben antes de vestirse.
- c) A verdade é que non se vive nada mal nese país.
- d) Non se morreu de enfermidade: morreuse de pena.
- e) De súpeto, encontrouse perdido no medio de xente descoñecida.
- f) Dime se pensas rexeitar ese traballo.
- g) Aquí non se admiten reclamacións de ningún tipo.

4.- indica que tipo de composición se dá nas seguintes oracións e explica o valor sintáctico das subordinadas. Indica tamén a función do pronome relativo nas subordinadas adxectivas.

- a) Que eles viñesen tarde pareceume moi mal.
- b) O libro ao que me refería desapareceu.
- c) Encontreino onde o deixara.
- d) Aínda que chova, faremos a excursión.
- e) Creo que ti nunca o conseguirías.
- f) Mentres o vía, non deixou de berrar o seu nome.
- g) Xa que mo preguntas, voucho dicir claramente.

5.- Realiza unha análise sintáctica completa desta oración: "Intentou que os votantes que lle foran fieis fosen premiados polo seu labor, mais non o conseguiu." Emprega a representación arbórea, seguindo o modelo das que figuran no documento do tema.